

### 3.3. **industria**

■ A análise do sector industrial en Galicia está dividido en en cinco partes ben diferenciadas. Tras unha primeira aproximación ó sector industrial dende un punto de vista xeral, e onde se comentan aspectos como a produción segundo a Contabilidade Regional de España, a poboación ocupada a partires dos datos da Enquisa de Poboación Ocupada, o peso do sector industrial galego no total estatal segundo as variables económicas recollidas na Encuesta Industrial de Empresas, o Índice de Producción Industrial de Galicia, ou os indicadores empresariais analizados polo Ardán, o capítulo presenta un apartado para cada un dos grandes subsectores industriais: o subsector enerxético, o de bens de equipamento, bens intermedios e os bens de consumo.

O **valor da produción** do sector industrial galego no ano 2002, medida a través do seu valor engadido bruto a prezos básicos (prezos correntes), ascendeu a 6.438,1 millóns de euros, o que representa o 5,6% do total estatal. Comparado co resto das comunidades autónomas Galicia é a sétima comunidade con maior peso relativo no conxunto do Estado, por detrás de Cataluña,

Madrid, a Comunidade Valenciana, País Vasco, Andalucía e Castela e León.

Do valor total da produción industrial, o sector enerxético galego produciu un total de 1.984,4 millóns de euros (o 9,2% da produción española) e a produción industrial sen a enerxía, 4.453,6 millóns de euros, o 4,7% do total estatal.

A **ocupación** no sector industrial no ano 2002 ascendeu a 218,1 miles de persoas, un 5,6% superior á ocupación estimada no ano anterior, o que representa o 20,3% da ocupación total en Galicia. As ramas de actividade máis importantes segundo o seu volume de ocupación (**cadro C.3.3. Poboación ocupada 2001-02: distribución segundo ramas de actividade**) son as de “fabricación de material de transporte”, con 46,2 miles de persoas, e as “industrias de productos alimenticios, bebidas e tabaco”, con 38,2 miles de traballadores, seguidas das “industrias do téxtil, coiro, calzado e confeccións téxtiles”, con 32,3 miles de persoas.

Comparado co ano anterior, as distintas

ramas de actividade experimentan un comportamento desigual. Dunha banda, cómpre salientar que as ramas con maior crecemento na súa ocupación son as correspondentes ás industrias de “fabricación de material de transporte”, con 9,5 miles de persoas ocupadas máis (un 25,9% máis que en 2001), á “industria de madeira e cortiza”, con 3,5 miles de persoas máis (20,1%), e as ramas de actividade de “industrias de productos alimenticios, bebidas e tabaco”, con 3,4 miles de ocupados máis (un 9,8% máis). Pola contra, a rama de actividade que experimenta a maior caída da ocupación, é a de “coquerías, fabricación de productos químicos e produción de metais”, con 3,2 miles de ocupados menos (un 15,5% menos que en 2001).

Segundo a *Encuesta Industrial Anual de Empresas* do INE, os ingresos de explotación da industria galega no ano 2001 descenderon un 3,3% respecto ó ano anterior, acadando os 26.101,3 millóns de euros. Comparado co resto das comunidades autónomas, cómpre salientar, dunha banda, que Galicia é unha das tres comunidades que rexistra unha caída dos ingresos de explotación, xunto a A Ríoxa e Madrid (2,1% e 2,0%, respectivamente). Doutra, o **cadro 3.3.1.** reflicte que Galicia, que acolle o 5,8% do total de ingresos de explotación estatais, é a sétima comunidade por detrás de Cataluña, Madrid, C. Valenciana, País Vasco, Andalucía e Castela e León.

Atendendo ás diferentes actividades económicas, **cadro 3.3.2.**, o “material de transporte”, con 6.086,5 millóns de euros, é a actividade máis importante, acollendo un 23,3% dos ingresos de explotación da industria galega en 2001. Séguelle en importancia as actividades de “alimentación, bebidas e tabaco”, con 4.954,8 millóns de euros e as de “industrias extractivas, enerxía e auga”, con 4.897,6 millóns de euros.

Comparado co ano anterior, **cadro C.3.20.** (*Principais variables económicas da industria 2000-01: taxas de crecemento segundo actividade económica*), cómpre salienta-lo forte crecemento experimentado, en termos relativos, polos ingresos de explotación das industrias de “maquinaria e equipo mecánico” e “caucho e materiais plásticos”, cun 42,2% e 30,6%, respectivamente.

Pola contra, o devandito cadro amosa unha caída superior ó 20% no caso das industrias “técnico, confección, coiro e calzado”, “materiais de transporte” e “material e equipo eléctrico, electrónico e óptico”.

Os gastos de persoal da industria galega rexistraron unha medra un 7,6% respecto ó ano anterior (7,7% no conxunto do Estado), para acadalos 3.430,7 millóns de euros (o 5,0% do total estatal), sendo, ó igual que no caso anterior, a sétima comunidade co maior volume de gastos de persoal.

Entre as diferentes actividades económicas, ó igual que no ano anterior, as actividades de material de transporte son as que presentan o maior volume de gastos de persoal, 753,5 millóns de euros (o 22,0% do total dos gastos de persoal da industria galega), seguida das actividades de alimentación, bebidas e tabaco, con 480,9 millóns de euros (14,0%) e de metalurxia e fabricación de productos metálicos, con 428,4 millóns de euros (12,5%).

Finalmente, a *Encuesta Industrial de Empresas* recolle unha medra da ocupación industrial en Galicia superior á rexistrada para o conxunto do Estado (3,0% fronte ós 2,4% de España). En termos absolutos, a ocupación no sector industrial no ano 2001 medrou en 4.682 persoas en Galicia para acadalas 162.055 persoas, o que representa o 6,0% da ocupación estatal.

As ramas industriais con maior nivel de ocupación son as de “alimentación, bebidas e tabaco”, con 27.422 persoas, “materiais de transporte”, con 26.078 persoas, e a “técnico, confección, coiro e calzado”, con 23.745 persoas. Entre estas tres ramas de actividade acollen o 47,7% da ocupación industrial. Comparado co ano anterior, o incremento máis importante é o acontecido na industria de “alimentación, bebidas e tabaco”, con 2.184 ocupados máis que en 2000, seguido polas industrias de “maquinaria e equipo mecánico” e “metalurxia e fabricación de productos metálicos”, con 1.180 e 1.246 ocupados máis, respectivamente.

**O Índice de Producción Industrial de Galicia (IPIGA)**, que trata de reproducir a evolu-

**CADRO 3.3.1.**
**Principais variables económicas da industria nas CC.AA. 2001**

	Cifra de negocios	Ingresos de explotación	Variación de existencias	Total consumos	Gastos de persoal	Gastos de explotación
	(en miles de €)					
Andalucía	37.707.041	38.361.781	137.765	24.437.149	5.199.554	36.101.511
Aragón	19.023.919	19.280.756	29.422	12.488.323	2.605.442	18.297.895
Asturias	9.939.455	10.318.634	22.351	5.581.593	1.836.166	9.494.432
Baleares	3.008.210	3.051.184	3.664	1.669.771	573.885	2.783.602
Canarias	5.868.753	5.979.393	8.971	3.579.143	869.702	5.494.583
Cantabria	5.440.008	5.526.097	11.514	3.050.719	969.602	5.084.371
Castela - A Mancha	17.846.424	18.195.574	14.149	11.984.002	2.215.412	17.020.408
Castela e León	25.844.231	26.206.028	81.596	16.730.277	3.638.058	24.446.186
Cataluña	116.485.102	118.524.722	261.840	70.963.299	18.602.225	111.122.952
C. Valenciana	47.942.922	48.485.273	104.643	29.396.830	7.492.845	45.205.776
Extremadura	3.482.593	3.596.184	40.212	2.282.477	497.022	3.359.317
<b>Galicia</b>	<b>25.734.517</b>	<b>26.101.295</b>	<b>60.770</b>	<b>17.253.311</b>	<b>3.430.744</b>	<b>24.413.905</b>
Madrid	54.934.648	56.117.591	5.166	32.945.070	8.872.291	51.885.670
Murcia	10.734.891	10.881.637	40.512	7.065.504	1.393.598	10.236.873
Navarra	12.931.294	13.135.803	21.701	8.133.332	2.022.305	12.412.916
País Vasco	39.392.263	39.977.733	173.445	23.144.730	7.321.381	37.615.803
La Rioja	4.257.843	4.322.618	10.251	2.397.815	699.944	3.846.898
<b>Total industria</b>	<b>440.574.113</b>	<b>448.062.302</b>	<b>1.027.970</b>	<b>273.103.344</b>	<b>68.240.177</b>	<b>418.823.099</b>

Fonte: INE , Encuesta Industrial Anual de Empresas

**CADRO 3.3.2.**
**Principais variables económicas da industria galega 2000-01: distribución segundo actividade económica**

	2000					
	Cifra de negocios	Ingresos de explotación	Variación existencias	Total consumo	Gastos persoal	Gastos de explotación
	(en miles de €)					
Industrias extractivas, enerxía e auga	4.265.551	4.332.498	29.690	2.660.013	292.507	3.632.060
Alimentación, bebidas e tabaco	4.301.876	4.355.817	4.556	3.076.960	423.119	4.099.149
Industria téxtil, confección, coiro e calzado	1.865.037	1.886.775	15.398	1.270.377	270.846	1.785.330
Madeira e corcho	1.385.177	1.405.581	9.682	932.212	184.372	1.340.600
Papel, edición, artes gráficas	791.335	800.608	5.637	361.166	140.360	662.165
Industria química	729.683	736.703	5.403	425.967	88.463	676.607
Caucho e materias plásticas	544.872	550.136	5.205	326.055	88.102	512.784
Productos minerais non metálicos diversos	1.106.511	1.116.188	2.374	593.151	237.610	1.053.947
Metalurxia e fabricación de prod. metálicos	2.538.849	2.571.034	29.017	1.471.278	386.932	2.261.092
Maquinaria e equipo mecánico	458.999	463.212	-619	258.916	132.848	445.512
Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	705.107	718.829	9.893	454.756	113.141	657.555
Material de transporte	7.576.515	7.807.021	-44.259	5.758.646	760.731	7.597.328
Industrias manufactureiras diversas	251.752	252.834	-373	126.741	69.705	230.518
<b>Total industrial</b>	<b>26.521.262</b>	<b>26.997.237</b>	<b>71.606</b>	<b>17.716.237</b>	<b>3.188.736</b>	<b>24.954.649</b>

	2001					
	Cifra de negocios	Ingresos de explotación	Variación existencias	Total consumo	Gastos persoal	Gastos de explotación
	(en miles de €)					
Industrias extractivas, enerxía e auga	4.827.332	4.897.606	-3.946	3.233.551	299.603	4.253.782
Alimentación, bebidas e tabaco	4.879.102	4.954.830	48.422	3.514.265	480.914	4.703.944
Industria téxtil, confección, coiro e calzado	1.429.727	1.442.087	19.758	896.145	308.002	1.368.046
Madeira e corcho	1.383.065	1.402.898	12.988	915.608	200.532	1.344.615
Papel, edición, artes gráficas	709.138	718.946	5.019	339.352	143.913	636.941
Industria química	749.034	758.195	2.049	463.854	85.941	700.087
Caucho e materias plásticas	712.123	718.251	-1.719	433.635	110.433	659.103
Productos minerais non metálicos diversos	1.126.667	1.137.794	1.381	558.329	259.679	1.070.178
Metalurxia e fabricación de prod. metálicos	2.482.186	2.513.064	18.966	1.395.662	428.432	2.246.264
Maquinaria e equipo mecánico	652.328	658.560	10.111	375.469	184.245	653.333
Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	554.265	562.977	1.269	340.630	104.073	517.863
Material de transporte	5.981.522	6.086.513	-56.102	4.663.387	753.471	6.031.941
Industrias manufactureiras diversas	248.027	249.574	2.573	123.422	71.506	227.808
<b>Total industrial</b>	<b>25.734.516</b>	<b>26.101.295</b>	<b>60.769</b>	<b>17.253.309</b>	<b>3.430.744</b>	<b>24.413.905</b>

Fonte: INE , Encuesta Industrial Anual de Empresas

ción da industria en termos reais, reflicte que a taxa de crecemento industrial entre os anos 2001 e 2002 foi do 2,7%, fronte ó 6,3% do ano precedente.

Atendendo á evolución seguida polas distintas ramas de actividade consideradas, o **cadro C.3.2.** (*Índice de Producción Industrial de Galicia 2000-02*) amosa o importante crecemento de “Outras industrias manufactureiras”, cunha medra de 12,5% respecto ó ano 2001 (no ano anterior o incremento foi do 3,9%), e o da “industria de transformación de metais. Mecánica de precisión”, cunha medra do 6,7% (11,8% en 2001). Pola contra, o índice de produción da “enerxía e auga” descenden un 9,3%, cando no ano anterior aumentara un 5,1%.

Segundo o destino económico, o devandito cadro amosa un incremento do 15,0% do índice de produción industrial no caso dos bens de consumo, sendo do 14,0% e do 6,9% a medra dos índices correspondentes ós bens de equipamento e ós do IPIGA sen ter en conta o sector enerxético. Pola contra, e a diferenza do acontecido en 2001, o índice de produción industrial dos bens intermedios presenta unha caída do 5,3% respecto ó ano 2001, fronte á medra do 5,1% do ano anterior.

Finalmente, tendo en consideración os criterios de selección considerados polo **Ardán**, o sector industrial galego (sen consideralas industrias relacionadas co sector primario, analizadas no apartado anterior) está formado por 3.838 empresas, que supoñen o 30,0% do total das empresas seleccionadas para o conxunto de Galicia. Estas empresas xeraron un VEB a custo de factores de 4.044,4 millóns de euros no ano 2001, o 44,0% do total xerado polas empresas galegas consideradas, e uns ingresos de explotación de 22.121,9 millóns de euros (o 48,1% do total das empresas consideradas). O seu emprego medio ascendeu a 31 traballadores por empresa segundo os datos por elas mesmas facilitados.

O **cadro C.3.5.** (*Sectores productivos 2001*) reflicte os catro grandes grupos nos que se divide este sector: industria enerxética, industria de bens de equipamento, de bens intermedios e de bens de consumo. O subsector máis importante, atenden-

do ás variables consideradas no devandito **cadro C.3.5.** é o de bens de equipamento, que acolle un total de 1.975 empresas (o 51,5% das empresas industrias consideradas no estudo do Ardán) e que xeran o 52,3% (11.568,2 millóns de euros) do total dos ingresos de explotación e o 44,7% (1.808,4 millóns de euros) do valor engadido bruto a custo de factores do sector industrial.

Vigo, por mor, fundamentalmente, do papel das industrias relacionadas coa automoción, é o principal **núcleo de localización** das empresas segundo a xeración do valor engadido bruto, con 1.195,0 millóns de euros, un 6,7% máis que no ano anterior. O VEB xerado polas empresas de automoción en Vigo ascendeu no ano 2001 a 849,1 millóns de euros, o que representa o 71,1% do VEB xerado neste municipio polo sector industrial.

Séguelle en importancia Arteixo, cun VEB xerado de 792,3 millóns de euros, dos que o 94,0% (744,5 millóns de euros) é aportado polas empresas do sector téxtil.

A **conta de explotación** agregada das empresas do sector industrial amosa que no ano 2001 as empresas do sector industrial, consideradas no seu conxunto, presentaron un descenso do seu resultado neto do exercicio do 7,3% en relación ó ano anterior para situarse nos 662,9 millóns de euros (**cadro 3.3.3.**). Asemade, amosa que o resultado antes de impostos caeu un 9,9%, ascendendo a 870,9 millóns de euros, namentres que o resultado de actividades ordinarias medrou un 14,0% para situarse en 1.142,3 millóns de euros.

O crecemento do VEB no ano 2001 foi do 12,8%, 6,6 puntos máis do que o fan os ingresos de explotación, polo que o seu peso relativo medra dende o 17,2% de 2000 ata o 18,2% do ano 2001. Asemade, o devandito cadro reflicte unha caída do resultado financeiro (-13,4%), xa que os ingresos financeiros crecen un 1,8% e os gastos se incrementan un 6,3% respecto ó ano anterior.

En relación ó estudio do **balance agregado** das empresas deste sector, o **cadro 3.3.4.** amosa que, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un

**CADRO 3.3.3.**
**Evolución da actividade no sector industrial 2000-01: ingresos, custos e resultados**

	2000		2001		01/00
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)
Ingresos de explotación	20.819,7	100,00	22.121,9	100,00	6,25
Consumo e outros gastos de explotación	17.235,0	82,78	18.077,5	81,72	4,89
Valor engadido bruto a custo dos factores	3.584,7	17,22	4.044,4	18,28	12,82
Gastos de persoal	2.086,3	10,02	2.390,8	10,81	14,60
Resultado económico bruto da explotación	1.498,4	7,20	1.653,6	7,47	10,35
Amortizacións	562,2	2,70	568,4	2,57	1,10
Resultado económico neto da explotación	936,2	4,50	1.085,2	4,91	15,91
Resultado financeiro	65,9	0,32	57,1	0,26	-13,42
Ingresos financeiros	291,5	1,40	296,9	1,34	1,83
Gastos financeiros	225,6	1,08	239,8	1,08	6,28
Resultado de actividades ordinarias	1.002,1	4,81	1.142,3	5,16	13,98
Resultado de actividades extraordinarias	-35,11	-0,17	-271,39	-1,23	-673,02
Resultado antes de impostos	967,0	4,64	870,9	3,94	-9,94
Impostos	251,9	1,21	208,0	0,94	-17,44
Resultado neto do exercicio	715,1	3,43	662,9	3,00	-7,30
Cash-flow	1.233,5	5,92	1.208,8	5,46	-2,01

Fonte: Ardán

**CADRO 3.3.4.**
**Evolución do investimento e do financiamento no sector industrial 2000-01**

	2000		2001		01/00
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)
Activo total	12.372,8	100,00	13.542,7	100,00	9,46
Activo fixo (neto)	5.112,5	41,32	5.903,5	43,59	15,47
Gastos amortizables	80,7	0,65	75,7	0,56	-6,10
Inmovilizado inmaterial	373,1	3,02	457,4	3,38	22,60
Inmovilizado material	3.520,0	28,45	3.864,9	28,54	9,80
Outro inmovilizado	1.126,4	9,10	1.499,1	11,07	33,09
Outro activo fixo	12,3	0,10	6,3	0,05	-48,60
Circulante neto	7.260,2	58,68	7.639,2	56,41	5,22
Existencias	2.025,3	16,37	2.137,5	15,78	5,54
Debedores	3.656,1	29,55	4.159,4	30,71	13,77
Tesourería	472,7	3,82	536,3	3,96	13,46
Outro activo circulante	1.106,2	8,94	806,0	5,95	-27,14
Fontes de financiamento	12.372,8	100,00	13.542,7	100,00	9,46
Financiamento permanente	6.190,4	50,03	6.546,2	48,34	5,75
Fondos propios	4.518,9	36,52	4.600,4	33,97	1,80
Recursos alleos l/p	1.532,1	12,38	1.777,6	13,13	16,03
Ingresos distribuídos en varios exercicios	139,5	1,13	168,2	1,24	20,62
Acreedores a curto prazo	6.182,4	49,97	6.996,5	51,66	13,17
Fondo de rotación	1.077,9	8,71	642,7	4,75	-40,37

Fonte: Ardán

8,4% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 642,7 millóns de euros, un 40,4% inferior ó existente o ano anterior. O 91,6% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernte ás fontes de financiamento, o 48,3% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que crecen un 1,8% respecto ó ano anterior, supoñen o 34,0% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 16,0%, cun peso relativo do 13,1% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 13.542,7 millóns de euros, un 9,5% superior ó valor de 2000, dos que 5.903,5 millóns de euros corresponden ó activo fixo neto (un 15,5% superior respecto ó ano anterior). Os 7.639,2 millóns de euros restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 5,2% en relación a 2000.

No que ó **estudio económico e financeiro** se refire, o **cadro C.3.23**. (*Sector industrial 2000-01: estudio económico-financiero*) reflicte unha

Balance de enerxía eléctrica nas CC.AA. 2002

	Andalucía	Aragón	Asturias	Baleares	Canarias	Cantabria	Castela - A Mancha	Castela e León	Cataluña
<b>Producción</b>	19.207	10.914	19.697	4.914	6.831	516	14.311	27.922	34.183
Hidráulica	1.163	2.263	1.207	-	1	516	548	5.480	3.463
Nuclear	-	-	-	-	-	-	9.365	3.998	25.281
Carbón	13.874	8.651	18.490	3.542	-	-	1.068	18.444	961
Fuel/gas (1)	4.170	-	-	1.372	6.830	-	3.330	-	4.478
-consumos xeneración	736	545	1.071	341	454	8	990	1.333	1.367
-consumos bombeo	834	492	129	-	-	697	196	1.751	573
<b>Producción</b>	17.637	9.877	18.497	4.573	6.377	-189 (2)	13.125	24.838	32.243
+ saldo intercambios (3)	8.398	-5.540	-9.586	-	-	1.915	-5.449	-13.988	2.941
+Réxime especial	4.740	3.515	1.073	126	606	1.109	2.229	2.804	5.665
<b>Demanda 2002</b>	30.775	7.852	9.984	4.699	6.983	2.835	9.905	13.654	40.849
<b>Demanda 2001</b>	29.382	7.572	9.336	4.621	6.682	2.952	8.913	13.509	39.987
<b>C. Valenciana</b>									
		<b>Extremadura</b>	<b>Galicia</b>	<b>Madrid</b>	<b>Murcia</b>	<b>Navarra</b>	<b>País Vasco</b>	<b>La Rioja</b>	<b>Total industria</b>
<b>Producción</b>	12.708	17.798	20.916	53	2.821	656	4.361	61	198.172
Hidráulica	1.388	1.615	4.425	53	82	112	183	61	22.560
Nuclear	8.189	16.183	-	-	-	-	-	-	63.016
Carbón	-	-	15.651	-	-	-	1.629	-	82.310
Fuel/gas (1)	3.131	-	840	-	2.739	544	2.549	-	30.286
-consumos xeneración	456	654	873	1	113	24	174	1	9.155
-consumos bombeo	1.548	127	610	-	-	-	-	-	6.957
<b>Producción</b>	10.704	17.017	19.433	52	2.708	632	4.187	60	182.060
+ saldo intercambios (2)	9.372	-13.020	-8.391	24.836	967	885	11.188	804	5.329
+ Réxime especial	1.497	41	6.043	918	497	2.283	1.214	498	34.858
<b>Demanda 2002</b>	21.573	4.038	17.085	25.806	4.172	3.800	16.589	1.362	222.247
<b>Demanda 2001</b>	21.083	4.142	17.755	25.225	3.873	3.844	16.484	1.432	217.070

(1) Inclúe GICC (Elicogás) e ciclo combinado

(2) Provocado polo saldo negativo entre enerxía consumida e xenerada no ciclo bombeo-turbinación da central de A Guayo

(3) Non inclúe movementos de enerxía en tensións inferiores a 220 kV. Un valor positivo indica un saldo de intercambios importador e un valor negativo exportador.

Fonte: Red Eléctrica de España

**Plantas de coxeración en funcionamento 2002**

	Plantas	Potencia (en Kw)	Producción		Consumo (en Ktep)
			Eléctrica (en Ktep)	Térmica (en Ktep)	
<b>A Coruña</b>	61	472.159	192	167	500
<b>Lugo</b>	11	32.992	11	11	32
<b>Ourense</b>	4	21.460	11	9	28
<b>Pontevedra</b>	22	50.644	12	11	26
<b>Total</b>	<b>98</b>	<b>577.255</b>	<b>226</b>	<b>198</b>	<b>586</b>

Fonte: Instituto Enerxético de Galicia, Estudio sectorial da coxeneración en Galicia

desaceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, un crecemento respecto ós ingresos do VEB, e unha medra do peso relativo dos gastos de persoal e da carga financeira. Comparado coa evolución seguida polo conxunto das empresas galegas, o crecemento dos ingresos deste sector económico é 2,1 puntos inferior que no caso da evolución do VEB sobre os ingresos é de 5,1 puntos porcentuais.

En 2001 rexístrase un descenso das rendibilidade económica e financeira antes de impostos, así como unha medra do custo neto da débeda. Ó contrario do acontecido ano anterior, o devandito **cadro C.3.23.** amosa que neste ano as rendibilidade económica e financeira das empresas do sector industrial consideradas son lixeiramente inferiores ás rexistradas polo conxunto de empresas galegas analizadas por Ardán.

## Enerxía

A partires dos datos facilitados polo Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), o Ministerio de Industria y Energía, o IGE, a Consellería de Innovación, Industria e Comercio, Gas Galicia e Ardán, o presente apartado analiza a situación da enerxía eléctrica e a coxeración, as enerxías renovables, o gas natural, os produtos petrolíferos, e finalmente, a situación do sector enerxético como sector productivo.

### • A enerxía eléctrica

No concernente ó balance enerxético no ano 2002, o **cadro 3.3.5.** reflicte que a produción de electricidade do réxime ordinario ascendeu a 19.432 GWh (o 10,7% do total estatal) e a do réxime especial a 6.043 GWh (o 17,3% do total estatal). Atendendo ás distintas fontes de produción en Galicia, cómpre salienta-la importancia

do carbón, con 15.651 GWh, e da hidráulica, con 4.425 GWh.

No concernente á demanda de electricidade, o devandito **cadro 3.3.5.** reflicte que en Galicia, a diferenza do acontecido no conxunto do Estado, esta descende un 3,8% entre os anos 2001 e 2002, acadando os 17.085 GW en 2002 (o 7,7% do total estatal).

Outra forma de obter enerxía eléctrica é a chamada **coxeración**, que se define como a produción local e simultánea de enerxía eléctrica e/ou mecánica e de enerxía térmica aproveitable en diversos procesos a partir dunha mesma fonte de enerxía primaria. En Galicia funcionan un total de 98 plantas de coxeración (**cadro 3.3.6.**), cunha potencia nominal de 577.255 Kw, o que a converte na terceira comunidade en importancia tras Cataluña e a C. Valenciana. O maior número de plantas e a produción máis importante corresponde á provincia de A Coruña, que acolle 61 plantas de coxeración, cunha potencia nominal de 472.159 Kw, o 81,8% do total producido en Galicia.

Un último aspecto a ter en conta á hora da análise da enerxía eléctrica é o referente á súa **calidade de subministración**, medida a través do TIEPI (Tempo de Interrupción Equivalente á Potencia Instalada). O **cadro 3.3.7.** amosa que Galicia é a segunda C.A. coa maior interrupción no abastecemento eléctrico, cunha TIEPI de 5,60 horas (3,71 horas no conxunto do Estado), das que 0,36 horas corresponden a interrupcións programadas e 5,34 interrupcións imprevistas.

### • Enerxías renovables

Xunto a enerxía hidráulica cómpre salientar tamén a enerxía eólica, que nos últimos anos

*Continuidade do suministro eléctrico nas CC.AA. (Tempo de interrupción equivalente á produción instalada)*

	Imprevistos	Programados	Total
Andalucía	4,19	1,04	5,23
Aragón	1,90	0,71	2,61
Asturias	1,55	0,19	1,74
Baleares	9,80	0,71	10,51
Canarias	2,91	0,76	3,67
Cantabria	1,87	0,30	2,17
Castela - A Mancha	3,11	0,21	3,32
Castela e León	1,88	0,50	2,38
Cataluña	3,98	0,84	4,82
C. Valenciana	2,42	0,43	2,85
Extremadura	3,63	0,70	4,33
<b>Galicia</b>	<b>5,34</b>	<b>0,26</b>	<b>5,60</b>
Madrid	1,54	0,10	1,64
Murcia	2,94	0,87	3,81
Navarra	0,99	0,36	1,35
País Vasco	0,94	0,35	1,29
La Rioja	1,09	0,40	1,49
<b>Total industria</b>	<b>3,12</b>	<b>0,59</b>	<b>3,71</b>

Fonte: Unión Fenosa

rexistrou un importante desenvolvemento. Ó longo de 2002 entrou en servizo unha potencia de 317 MW/ano, co que a potencia acumulada ascendeu a 1.287 MW. Xunto a esta potencia en funcionamento, a finais de 2002 a situación dos parques eólicos é a seguinte: 786 MW autorizados (284 MW están en construción), 140 MW en tramitación, e outros 700 MW serán concedidos en 2003 (orde 13 de novembro de 2002).

Comparado co total estatal, a finais de 2002 atopábanse instalada en Galicia o 27% da potencia eólica de España. Asemade, os investimentos asociados en Galicia ó Plan Eólico ascendeu a 892 millóns de euros. A partir de 2002, os plans aprobados e modificados levan asociados unha serie de compromisos de apoio ó desenvolvemento de enerxía solar.

• *Gas natural*

O número de abonados a Gas Galicia a 31 de decembro de 2002 ascendeu a 99.554 e lonxitude de rede, a 1.062,7 quilómetros. Atendendo á distribución provincial, a meirande parte dos abonados e dos quilómetros de rede pertencen á provincia de A Coruña, que acolle o 50,1% dos abonados e o 43,8% da lonxitude construída (49.830 abonados e 465,9 km de rede). Séguenlle en importancia Pontevedra, co 25,7% e 28,4%, respectivamente (25.581 abonados e 302,0 km de rede), e Lugo e Ourense, que acollen o 12,7% e 11,5% dos abonados galegos (12.724 e 11.419

abonados, respectivamente) e o 16,7% e 11,0% da rede (177,4 km e 117,4 km de rede).

• *Productos petrolíferos*

Respecto á **demanda** de productos petrolíferos, o **cadro 3.3.8.** reflicte o descenso do peso relativo do consumo de Galicia no total español, que cae do 6,4% de 2001 ó 5,9% de 2002. A demanda destes productos acadou en 2002 os 2.881,7 miles de toneladas métricas, salientando, por unha banda, o peso relativo do consumo de gasóleos no total estatal, que representan o 7,7%, e por outra, a escasa importancia relativa do consumo do queroseno e dos asfaltos co 1,0% e 0,0%, respectivamente. O devandito cadro indica que o consumo de gasóleos representa o 69,4% do total de productos petrolíferos consumidos en Galicia, sendo a importancia relativa do consumo de fuel óleo e das gasolinas do 15,3% e do 14,0%, respectivamente.

• *Indicadores empresariais*

O sector enerxético estaba composto, segundo o estudio de Ardán, por 149 empresas, que xeraron un VEB a custo de factores de 237,2 millóns de euros (o 2,6% do total xerado polas empresas galegas consideradas), sendo o seu emprego medio de 17 traballadores por empresa. Cómpre salientar que neste subsector industrial non se atopan empresas como Endesa ou Unión Fenosa, xa que aínda que teñen unha importancia



## Consumo de productos petrolíferos 2001-02

2001						
Gasolinas	Gasóleos	Querosenos	Fuel óleos	Asfaltos	Total	
<i>(en toneladas métricas)</i>						
A Coruña	157.619	729.318	25.135	336.509	-	1.248.581
Lugo	54.691	329.148	-	24.883	-	408.722
Ourense	52.691	238.402	-	13.757	1.766	306.616
Pontevedra	182.263	647.073	11.220	88.003	-	928.559
<b>Total</b>	<b>447.264</b>	<b>1.943.941</b>	<b>36.355</b>	<b>463.152</b>	<b>1.766</b>	<b>2.892.478</b>
<b>Total España</b>	<b>7.966.197</b>	<b>23.067.195</b>	<b>3.973.720</b>	<b>8.919.821</b>	<b>1.273.396</b>	<b>45.200.329</b>
<b>Galicia/España (%)</b>	<b>5,6</b>	<b>8,4</b>	<b>0,9</b>	<b>5,2</b>	<b>0,1</b>	<b>6,4</b>

  

2002						
Gasolinas	Gasóleos	Querosenos	Fuel óleos	Asfaltos	Total	
<i>(en toneladas métricas)</i>						
A Coruña	157.000	749.272	24.507	350.462	-	1.281.241
Lugo	51.112	319.751	-	16.894	-	387.757
Ourense	50.665	241.338	-	17.380	208	309.591
Pontevedra	145.973	688.122	11.717	57.283	-	903.095
<b>Total</b>	<b>404.750</b>	<b>1.998.483</b>	<b>36.224</b>	<b>442.019</b>	<b>208</b>	<b>2.881.684</b>
<b>Total España</b>	<b>7.642.893</b>	<b>25.974.322</b>	<b>3.705.433</b>	<b>9.841.678</b>	<b>1.478.663</b>	<b>48.642.989</b>
<b>Galicia/España (%)</b>	<b>5,3</b>	<b>7,7</b>	<b>1,0</b>	<b>4,5</b>	<b>0,0</b>	<b>5,9</b>

Fonte: Asociación Española de Operadores Petrolíferos

significativa en Galicia, teñen a súa razón social fóra da comunidade galega.

O grupo de actividades máis importante dentro deste subsector polo seu VEB a custo de factores é o de produción e distribución de enerxía eléctrica, onde as 60 empresas consideradas xeran un VEB de 118,4 millóns de euros. Séguelle en importancia as dúas empresas pertencentes ó grupo de actividade extracción de hulla e lignito, que xeran un VEB cun valor de 75,9 millóns de euros. Entre ámbalas dúas actividades acaparan o 81,9% do VEB xerado polas empresas consideradas neste sector.

O principal **núcleo de localización** das empresas segundo o seu VEB xerado foi A Coruña, que con 104,8 millóns de euros acolle o 44,2% do valor engadido bruto do sector. Séguelle en importancia Santiago, con 52,5 millóns de euros, e Lugo, con 21,0 millóns de euros. Nestes tres núcleos de actividade concéntrase o 75,2% do VEB do sector en Galicia (o 74,5% en 2000).

A **conta de explotación** agregada das 149 empresas do subsector enerxético, **cadro 3.3.11.**, amosa que no ano 2001 rexistrouse unha medra

do seu resultado neto do exercicio do 46,4% para situarse nos 46,7 millóns de euros. Asemade, amosa que o resultado de actividades ordinarias medrou un 60,8% ata os 81,2 millóns de euros, e que o resultado antes de impostos aumentou un 48,9%, situándose nos 69,7 millóns de euros.

En 2001 prodúcese unha medra do VEB a custo de factores do 24,1% respecto ó ano precedente, case un punto porcentual superior ó rexistrado polos ingresos de explotación (23,2%), polo que o seu peso relativo aumenta dende o 38,2% de 2000 ata o 38,4% do ano 2001. Asemade, o devandito cadro reflicte un empeoramento do resultado financeiro (-33,9% respecto ó 2000).

En relación ó estudio do **balance agregado** das empresas deste sector, o **cadro 3.3.12.** amosa que, en termos relativos, o financiamento permanente cubre 99,9% do activo fixo neto, cubríndose o 0,1% restante co acreedores a curto prazo. O fondo de rotación descendeu un 101,0% acadando un valor negativo de -0,7 millóns de euros. No concernerente ás fontes de financiamento, o 78,0% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que crecen un 3,9% respecto ó ano anterior, supoñen o 27,8% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron

CADRO 3.3.9.

**Complexo electricidade, enerxía e auga 2001: actividades que comprende o grupo**

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
	(en millóns de €)					
Extracción de hulla e lignito	2	104,3	75,9	29,3	215,9	297
Distrib. de carbón, miner., petróleo e pdtos. petr.	38	139,6	8,4	2,4	43,8	7
Producción e distribución de enerxía eléctrica	60	266,3	118,4	69,5	1.102,1	9
Distribución de gas, combustible e auga	49	106,9	34,6	10,9	211,3	16
<b>Total</b>	<b>149</b>	<b>617,2</b>	<b>237,2</b>	<b>112,1</b>	<b>1.573,0</b>	<b>17</b>
<b>Peso do grupo no conxunto de empresas galegas (%)</b>	<b>1,2</b>	<b>1,3</b>	<b>2,6</b>	<b>4,7</b>	<b>4,4</b>	

Fonte: Ardán

CADRO 3.3.10.

**Complexo electricidade, enerxía e auga 2000-01: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB**

Núcleos	2000	2001	01/00
	(en millóns de €)		(%)
A Coruña	87,4	104,8	19,9
Santiago	37,2	52,5	41,1
Lugo	17,8	21,0	18,1
Muras	7,9	10,5	33,0
Vigo	5,7	6,9	21,7
Cee	4,6	5,1	10,8
Ortigueira	3,8	4,1	9,1
Vila de Cruces	2,2	3,4	57,7

Fonte: Ardán

CADRO 3.3.11.

**Evolución da actividade no complexo electricidade, enerxía e auga 2000-01: ingresos, custos e resultados**

	2000		2001		01/00
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)
Ingresos de explotación	500,8	100	617,2	100	23,2
Consumo e outros gastos de explotación	309,6	61,84	379,9	61,56	22,7
Valor engadido bruto a custo dos factores	191,1	38,16	237,2	38,44	24,1
Gastos de persoal	62,3	12,44	62,8	10,17	0,8
Resultado económico bruto da explotación	128,8	25,72	174,5	28,27	35,4
Amortizacións	58,1	11,61	66,2	10,73	14,0
Resultado económico neto da explotación	70,7	14,11	108,2	17,53	53,1
Resultado financeiro	-20,16	-4,03	-26,99	-4,37	-33,9
Ingresos financeiros	11,1	2,22	16,2	2,63	45,8
Gastos financeiros	31,3	6,25	43,2	7,00	38,1
Resultado de actividades ordinarias	50,5	10,09	81,2	13,16	60,8
Resultado de actividades extraordinarias	-3,72	-0,74	-11,54	-1,87	-209,9
Resultado antes de impostos	46,8	9,34	69,7	11,29	48,9
Impostos	14,9	2,98	23,0	3,73	54,3
Resultado neto do exercicio	31,9	6,36	46,7	7,56	46,4
Cash-flow	88,4	17,66	112,1	18,16	26,7

Fonte: Ardán

**CADRO 3.3.12.**
**Evolución do investimento e do financiamento no complexo electricidade, enerxía e auga 2000-01**

	2000		2001		01/00
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)
<b>Activo total</b>	1.372,5	100	1.573,0	100	14,6
<b>Activo fixo (neto)</b>	1.007,5	73,40	1.227,9	78,06	21,9
Gastos amortizables	19,3	1,41	15,2	0,96	-21,4
Inmobiliado inmaterial	31,0	2,26	56,0	3,56	80,9
Inmobiliado material	796,0	58,00	935,5	59,47	17,5
Outro inmaterial	154,1	11,23	219,4	13,94	42,3
Outro activo fixo	7,0	0,51	1,8	0,12	-73,9
<b>Circulante neto</b>	365,0	26,60	345,1	21,94	-5,4
Existencias	18,4	1,34	15,5	0,99	-15,5
Debedores	197,8	14,41	188,7	11,99	-4,6
Tesourería	26,6	1,94	31,1	1,98	17,0
Outro activo circulante	122,2	8,91	109,8	6,98	-10,2
<b>Fontes de financiamento</b>	1.372,5	100	1.573,0	100	14,6
<b>Financiamento permanente</b>	1.076,1	78,41	1.227,2	78,02	14,0
Fondos propios	420,5	30,64	436,8	27,77	3,9
Recursos alleos l/p	613,1	44,67	744,7	47,34	21,5
Ingresos distribuídos en varios exercicios	42,5	3,10	45,7	2,91	7,5
<b>Acreedores a curto prazo</b>	296,4	21,59	345,8	21,98	16,7
<b>Fondo de rotación</b>	68,6	5,00	-0,66	-0,04	-101,0

Fonte: Ardán

**CADRO 3.3.13.**
**Complexo electricidade, enerxía e auga 2000-01: estudo económico-financieiro**
**Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación**

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	(%)											
<b>2001</b>	6,74	9,04	33,30	26,83	6,56	18,67	4,94	3,19	1,28	1,06	8,08	3,47
<b>2000</b>	4,71	7,94	26,85	26,82	9,14	18,81	2,91	3,04	1,04	1,01	6,59	3,40

**Rendibilidade e magnitudes asociadas**

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	(%)											
<b>2001</b>	6,60	6,14	5,95	3,44	0,92	1,77	14,10	15,22	2,14	2,48	1,62	2,40
<b>2000</b>	4,50	6,00	4,25	3,34	0,97	1,80	10,78	15,77	2,04	2,30	1,67	2,53

Fonte: Ardán

CADRO 3.3.14.

Sector de bens intermedios 2001: actividades que comprende o grupo

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
(en millóns de €)						
Minerais non metálicos	230	661,8	246,8	79,8	745,9	32
Productos químicos e derivados	224	1.295,6	183,4	80,0	683,0	18
Industria auxiliar	455	2.000,3	404,0	123,6	1.219,0	26
<b>Total</b>	<b>909</b>	<b>3.957,7</b>	<b>834,2</b>	<b>283,4</b>	<b>2.647,9</b>	<b>25</b>
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas (%)	7,1	8,6	9,1	11,8	8,5	

Fonte: Ardán

un 21,5%, cun peso relativo do 47,3% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 1.573,0 millóns de euros, un 14,6% superior ó valor de 2000, dos que 1.227,9 millóns de euros corresponden ó activo fixo neto (un 21,9% superior respecto ó ano anterior). Os 345,1 millóns restantes corresponden ó circulante neto, que descendeu un 5,4% en relación a 2000.

No que ó **estudio económico e financeiro** se refire, o **cadro 3.3.13.** reflicte unha aceleración no ritmo de crecemento dos ingresos (4,7% en 2000 e 6,7% en 2001), unha medra respecto ós ingresos do VEB, un descenso do peso relativo dos gastos de persoal e un incremento da carga financeira. Comparado coa evolución seguida polo conxunto das empresas galegas, o crecemento dos ingresos deste sector é 2,3 puntos porcentuais inferior, ó contrario do que acontece coa evolución do VEB sobre os ingresos, que é 6,5 puntos superior.

As rendibilidades económica e financeira antes de impostos presentan unha importante medra no ano 2001. A primeira por mor fundamentalmente da evolución seguida pola rotación de activos, e a segunda pola evolución seguida pola rendibilidade económica, xa que o custo neto da débeda rexistra unha medra dunha décima.

## Bens intermedios

Tendo en conta os criterios de selección considerados polo Ardán, o subsector industrial de bens de intermedios, composto polos subsectores

de minerais non metálicos, productos químicos e derivados e a industria auxiliar, comprende un total de 909 empresas, o que representa o 7,1% do total das empresas consideradas. En conxunto, estas empresas xeraron un VEB a custo de factores de 834,2 millóns de euros en 2001, o 9,1% do VEB total xerado polas empresas galegas consideradas, sendo o seu emprego medio de 25 traballadores segundo os datos por elas mesmas facilitados.

Atendendo ós tres grandes subsectores que comprende o grupo, o máis importante, segundo as variables consideradas no **cadro 3.3.14.**, é o da industria auxiliar, que acolle un total de 455 empresas (o 50,1% das empresas de bens intermedios) e que xeran o 50,5% do total dos ingresos de explotación e o 48,4% do valor engadido bruto a custo de factores do subsector industrial bens intermedios.

O Porriño e Narón son os principais **núcleos de localización** das empresas segundo o VEB xerado, con 143,6 e 87,9 millóns de euros, respectivamente. Este VEB xerado nestes municipios representa, en conxunto, o 27,8% do VEB xerado polas empresas englobadas no subsector industrial bens intermedios.

A **conta de explotación** agregada das empresas deste subsector, **cadro 3.3.16.**, amosa que no ano 2001 presentaron un crecemento do seu resultado neto do exercicio e do resultado antes de impostos do 11,6% e 13,2%, respectivamente, acadando, en termos absolutos, os 164,0 e 242,0 millóns de euros, respectivamente. O resultado de actividades ordinarias permanece practicamente constante nos 207,5 millóns de euros.

**CADRO 3.3.15.**
**Sector de bens intermedios 2000-01: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB**

Núcleos	2000	2001	01/00
	(en millóns de €)		(%)
O Porriño	108,3	143,6	32,6
Narón	81,0	87,9	8,6
Vigo	66,9	68,5	2,3
Carballeda	52,7	56,0	6,2
A Coruña	41,9	47,1	12,4
Barco de Valdeorras	35,7	33,8	-5,2
Arteixo	24,6	26,2	6,5
Padrón	18,2	23,3	27,7

Fonte: Ardán

**CADRO 3.3.16.**
**Evolución da actividade no sector de bens intermedios 2000-01: ingresos, custos e resultados**

	2000		2001		01/00
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)
Ingresos de explotación	3.346,3	100	3.957,7	100	18,3
Consumo e outros gastos de explotación	2.599,8	77,69	3.123,5	78,92	20,1
Valor engadido bruto a custo dos factores	746,5	22,31	834,2	21,08	11,7
Gastos de persoal	409,4	12,23	468,0	11,83	14,3
Resultado económico bruto da explotación	337,1	10,07	366,2	9,25	8,6
Amortizacións	101,9	3,04	122,2	3,09	20,0
Resultado económico neto da explotación	235,2	7,03	243,9	6,16	3,7
Resultado financeiro	-27,7	-0,83	-36,5	-0,92	-31,8
Ingresos financeiros	23,3	0,70	23,4	0,59	0,3
Gastos financeiros	51,0	1,52	59,8	1,51	17,4
Resultado de actividades ordinarias	207,5	6,20	207,5	5,24	-0,0
Resultado de actividades extraordinarias	6,1	0,18	34,5	0,87	463,8
Resultado antes de impostos	213,7	6,39	242,0	6,11	13,2
Impostos	66,7	1,99	78,0	1,97	17,0
Resultado neto do exercicio	147,0	4,39	164,0	4,14	11,6
Cash-flow	239,4	7,16	283,4	7,16	18,4

Fonte: Ardán

**CADRO 3.3.17.**
**Evolución do investimento e do financiamento no sector de bens intermedios 2000-01**

	2000		2001		01/00
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)
Activo total	2.651,6	100	3.005,6	100	13,4
Activo fixo (neto)	1.064,1	40,13	1.160,3	38,60	9,0
Gastos amortizables	17,1	0,65	21,7	0,72	26,9
Inmobiliado inmaterial	63,7	2,40	109,6	3,65	72,0
Inmobiliado material	687,0	25,91	784,7	26,11	14,2
Outro inmovilizado	295,3	11,14	243,4	8,10	-17,6
Outro activo fixo	1,0	0,04	0,9	0,03	-8,0
Circulante neto	1.587,5	59,87	1.845,3	61,40	16,2
Existencias	410,2	15,47	482,5	16,05	17,6
Debedores	889,8	33,56	1.014,3	33,75	14,0
Tesourería	134,7	5,08	140,1	4,66	4,0
Outro activo circulante	152,8	5,76	208,5	6,94	36,5
Fontes de financiamento	2.651,6	100,00	3.005,6	100,00	13,4
Financiamento permanente	1.401,7	52,86	1.576,6	52,45	12,5
Fondos propios	1.117,1	42,13	1.213,2	40,36	8,6
Recursos alleos I/p	247,4	9,33	320,7	10,67	29,6
Ingresos distribuídos en varios exercicios	37,2	1,40	42,7	1,42	14,9
Acreedores a curto prazo	1.249,8	47,14	1.429,1	47,55	14,3
Fondo de rotación	337,6	12,73	416,2	13,85	23,3

Fonte: Ardán

CADRO 3.3.18.

Sector de bens intermedios 2000-01: estudio económico-financiero

Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	(%)											
2001	8,78	9,04	25,68	26,83	16,98	18,67	3,98	3,19	1,31	1,06	4,41	3,47
2000	10,37	7,94	24,74	26,82	16,97	18,81	3,78	3,04	1,23	1,01	4,29	3,40

Rendibilidade e magnitudes asociadas

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	(%)											
2001	6,22	6,14	4,18	3,44	1,57	1,77	15,23	15,22	2,67	2,48	2,16	2,40
2000	6,63	6,00	3,98	3,34	1,61	1,80	16,86	15,77	2,56	2,30	2,28	2,53

Fonte: Ardán

O crecemento do VEB no ano 2001 foi do 11,7%, 6,6 puntos menos que o que o fan os ingresos de explotación, polo que o seu peso relativo descende dende o 22,3% de 2000 ata o 21,1% do ano 2001.

En relación ó estudio do **balance agregado** das empresas deste sector, o **cadro 3.3.17.** amosa que, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 22,6% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 416,2 millóns de euros, un 23,3% superior ó existente o ano anterior. O 77,4% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 52,5% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que crecen un 8,6% respecto ó ano anterior, supoñen o 40,4% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 29,6%, sendo o seu peso relativo do 10,7% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 3.005,6 millóns de euros, un 13,4% superior ó valor de 2000, dos que 1.160,3 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 9,0% superior respecto ó ano anterior). Os 1.845,3 millóns de euros restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 16,2% en relación a 2000.

No que ó **estudio económico e financeiro** se refire, o **cadro 3.3.18.**, reflicte unha desaceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, un incremento respecto ós ingresos do VEB e da carga financeira, permanecendo constante o peso relativo dos gastos de persoal. Comparado coa evolución seguida polo conxunto das empresas galegas, o crecemento dos ingresos deste sector económico é tres décimas inferior, sendo esta diferenza de 1,2 puntos porcentuais no caso da evolución do VEB sobre os ingresos.

As rendibilidades económica e financeira descenden en 2002, rexistrándose en 2002 unha medra do custo da débeda. O devandito **cadro 3.3.18.** amosa que as rendibilidades económica e financeira seguen sendo superiores ás rexistradas polo conxunto das empresas galegas analizadas por Ardán.

Dentro destas industrias hai que salienta-la importancia da **industria extractiva** (capítulo 68, manufacturas de pedra, xeso, cemento, amianto, mica ou materias análogas) para a economía galega. Este capítulo convértese no cuarto capítulo exportador de Galicia, cun importe de 323,1 millóns de euros no ano 2002 (o 3,4% do total das exportacións galegas e o 35,1% do total das exportacións de semimanufacturas). Atendendo á desagregación por provincias, desta-

## Sector de bens de equipamento 2001: actividades que comprende o grupo

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
(en millóns de €)						
Maquinaria e equipamento	838	1.920,1	381,0	81,6	1.251,3	14
Automoción	993	8.970,9	1.248,4	173,1	3.403,4	36
Naval	144	677,2	179,0	26,8	646,0	40
<b>Total</b>	<b>1.975</b>	<b>11.568,2</b>	<b>1.808,4</b>	<b>281,6</b>	<b>5.300,7</b>	<b>27</b>
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas (%)	15,4	25,2	19,7	11,7	14,9	

Fonte: Ardán

ca por riba de todas a provincia de Ourense que exporta o 56,9% do total das exportacións do capítulo 68.

Segundo o criterio de selección de empresas de Ardán, esta industria, que abarca as actividades de extracción de lousa e granito, o traballo da pedra, a fabricación de arxila e xeso e outros produtos e a extracción de outros minerais non metálicos, estaría composta por 230 empresas (1,8% do total de empresas consideradas) que producen o 2,7% do VEB a custo de factores (246,8 millóns de euros). En Galicia pódense distinguir dúas grandes zonas de xeración do VEB: por unha banda, a parte oriental da provincia de Ourense (Carballeda e Barco de Valdeorras) e o sur da provincia de Lugo (Guitiriz e Quiroga), que estarían xerando o 43,2% do VEB total do subsector, e pola outra banda, hai que consideralo sur da provincia de Pontevedra, onde O Porriño, Vigo, Mos e A Guarda producen o 24,4% do VEB xerado por esta actividade en Galicia.

### Bens de equipamento

A análise da industria de bens de equipamento baséase na información facilitada polo Ardán, o Cluster de empresas de automoción (Ceaga) e mailo IGE.

Centrándonos nos indicadores empresariais, e tendo en conta os criterios de selección seguidos polo Ardán, o subsector industrial de bens de equipamento, composto polos subsectores de maquinaria e equipo, automoción e o subsector naval, comprende un total de 1.975 empresas, o que representa o 15,4% do total das empresas consideradas. En conxunto, estas empresas xera-

ron un VEB a custo de factores de 1.808,4 millóns de euros no ano 2001, o 19,7% do VEB total xerado polas empresas galegas consideradas, sendo o seu emprego medio de 27 traballadores por empresa segundo os datos por elas mesmas facilitados.

Atendendo ós distintos subsectores que comprende esta industria, o **cadro 3.3.19.** reflicte a importancia do subsector da automoción, tanto no que se refire a que é o que acolle o maior número de empresas, con 993 (o 50,3% do total de empresas englobadas nas industrias de bens de equipamento), como no concenrente á xeración do VEB a custo de factores (1.248,4 millóns de euros) e ós ingresos de explotación (8.970,9 millóns de euros), que representan, respectivamente, o 69,0% e 77,5% do total xerado neste subsector.

Por mor da importancia do sector da automoción, Vigo é o principal **núcleo de localización** das empresas segundo o VEB xerado por elas mesmas, con 1.065,1 millóns de euros. Este VEB xerado representa o 58,9% do VEB xerado polas empresas englobadas no subsector industrial bens intermedios.

A **conta de explotación** agregada das empresas deste subsector amosa unha caída do 68,9% do resultado neto do exercicio, que acada os 56,7 millóns de euros. O resultado de actividades ordinarias permanece practicamente constante (-0,5% respecto ó ano anterior), acadando os 296,4 millóns de euros, en tanto que o resultado de actividades extraordinarios experimenta un forte descenso pasando de -13,9 millóns de euros de 2000 ós -210,3 millóns de 2001.

CADRO 3.3.20.

**Sector de bens de equipamento 2000-01: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB**

Núcleos	2000	2001	01/00
	(en millóns de €)		(%)
Vigo	997,7	1.065,1	6,8
A Coruña	145,4	153,4	5,5
Santiago	92,3	102,3	10,8
O Porriño	52,8	57,5	8,9
Mos	35,5	39,0	9,9
Lugo	30,6	34,8	13,5
San Cibrao das Viñas	30,2	30,5	0,7
Pontevedra	20,6	21,7	5,7

Fonte: Ardán

CADRO 3.3.21.

**Evolución da actividade no sector de bens de equipamento 2000-01: ingresos, custos e resultados**

	2000		2001		01/00
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)
Ingresos de explotación	11.771,9	100	11.568,2	100	-1,7
Consumo e outros gastos de explotación	10.093,6	85,74	9.759,9	84,37	-3,3
Valor engadido bruto a custo dos factores	1.678,3	14,26	1.808,4	15,63	7,7
Gastos de persoal	1.071,5	9,10	1.239,3	10,71	15,7
Resultado económico bruto da explotación	606,8	5,15	569,0	4,92	-6,2
Amortizacións	278,9	2,37	235,7	2,04	-15,5
Resultado económico neto da explotación	327,9	2,79	333,3	2,88	1,7
Resultado financeiro	-30,07	-0,26	-36,97	-0,32	-22,9
Ingresos financeiros	47,8	0,41	40,5	0,35	-15,2
Gastos financeiros	77,9	0,66	77,5	0,67	-0,5
Resultado de actividades ordinarias	297,8	2,53	296,4	2,56	-0,5
Resultado de actividades extraordinarias	-13,88	-0,12	-210,26	-1,82	-
Resultado antes de impostos	283,9	2,41	86,1	0,74	-69,7
Impostos	101,6	0,86	29,4	0,25	-71,1
Resultado neto do exercicio	182,4	1,55	56,7	0,49	-68,9
Cash-flow	436,5	3,71	281,6	2,43	-35,5

Fonte: Ardán

CADRO 3.3.22.

**Evolución do investimento e do financiamento no sector de bens de equipamento 2000-01**

	2000		2001		01/00
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)
Activo total	5.100,1	100,00	5.300,7	100,00	3,9
Activo fixo (neto)	1.354,2	26,55	1.707,7	32,22	26,1
Gastos amortizables	17,9	0,35	17,6	0,33	-1,4
Inmobiliado inmaterial	89,6	1,76	101,5	1,92	13,3
Inmobiliado material	1.119,0	21,94	1.106,5	20,87	-1,1
Outro inmovilizado	123,9	2,43	479,2	9,04	286,6
Outro activo fixo	3,8	0,08	2,9	0,05	-24,2
Circulante neto	3.745,9	73,45	3.593,0	67,78	-4,1
Existencias	1.095,4	21,48	1.025,1	19,34	-6,4
Debedores	1.913,3	37,52	2.233,6	42,14	16,7
Tesourería	201,0	3,94	237,1	4,47	18,0
Outro activo circulante	536,2	10,51	97,2	1,83	-81,9
Fontes de financiamento	5.100,1	100,00	5.300,7	100,00	3,9
Financiamento permanente	2.054,6	40,29	1.898,3	35,81	-7,6
Fondos propios	1.630,2	31,96	1.387,0	26,17	-14,9
Recursos alleos l/p	380,8	7,47	449,0	8,47	17,9
Ingresos distribuídos en varios exercicios	43,6	0,85	62,3	1,17	42,9
Acreedores a curto prazo	3.045,5	59,71	3.402,4	64,19	11,7
Fondo de rotación	700,4	13,73	190,6	3,60	-72,8

Fonte: Ardán



**Sector de bens de equipamento 2000-01: estudio económico-financiero**
**Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación**

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	(%)											
<b>2001</b>	6,50	9,04	18,98	26,83	13,59	18,67	2,79	3,19	0,92	1,06	2,59	3,47
<b>2000</b>	5,97	7,94	18,42	26,82	13,33	18,81	2,80	3,04	0,88	1,01	2,56	3,40

**Rendibilidade e magnitudes asociadas**

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	(%)											
<b>2001</b>	6,25	6,14	3,02	3,44	1,96	1,77	15,57	15,22	2,25	2,48	2,49	2,40
<b>2000</b>	6,36	6,00	2,95	3,34	2,02	1,80	16,28	15,77	2,20	2,30	2,55	2,53

Fonte: Ardán

Fronte á caída dos ingresos de explotación (-1,7% respecto ós datos do ano anterior), ó longo de 2001 rexístrase unha medra do 7,7% do VEB a custo de factores, polo que o seu peso relativo descende ascende dende o 14,3% de 2000 ata os 15,6% do ano 2001. Asemade, o devandito cadro reflicte un descenso 22,9% no caso do resultado financeiro.

En relación ó estudio do **balance agregado** das empresas deste sector, o **cadro 3.3.22.** amosa que, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 5,3% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 190,6 millóns de euros, un 72,8% inferior ó existente o ano anterior. O 94,7% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 35,8% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que descenden un 14,9% respecto ó ano anterior, supoñen o 26,2% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 17,9%, cun peso relativo do 8,5% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 5.300,7 millóns de euros, 3,9% superior ó valor de 2000, dos que 1.707,7 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 26,1% superior respecto ó

ano anterior). Os 3.593,0 millóns de euros restantes corresponden ó circulante neto, que descendeu un 4,1% en relación a 2000.

No que ó **estudio económico e financeiro** se refire, o **cadro 3.3.23.** reflicte unha aceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, un aumento respecto ós ingresos do VEB e do peso relativo dos gastos de persoal, así como unha lixeira medra da carga financeira. Comparado co valor destes indicadores para o conxunto das empresas galegas consideradas, ó igual que en 2000, este subsector presenta valores inferiores.

A rendibilidade económica e financeira antes de impostos descenden no ano 2001 para situarse no 6,25% e 15,57%, respectivamente. A primeira influenciada pola redución da rotación de activos, e a segunda influenciada pola caída da rendibilidade económica e polo incremento do custo neto da débeda.

**• Automoción**

A produción total de vehículos automóbiles en Galicia aumentou no ano 2002 un 1,3% respecto ó ano precedente, para situarse nos 475.673 vehículos no último ano fronte ós 469.789 do ano anterior. No último ano, a produción de turis-

Complexo da automoción 2001: actividades que comprende o grupo

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
(en millóns de €)						
Fabr. Vehic. Motor, Carroc., Remol. E similar	33	5.496,6	719,6	51,6	1.779,4	507
Fabricación de recambios e pezas de motor	19	685,9	192,8	56,1	497,1	224
Distr. May. Vehic. Motor, Recamb. E accesor.	151	644,5	70,8	9,2	258,1	20
Distr. Min. Vehic. Motor, Recamb. E accesor.	294	1.298,5	123,0	23,1	470,4	17
Estacións de servizo e gasoliñeiras	186	506,1	41,4	10,3	148,9	8
Servicios de aparcamento de vehículos	14	6,9	3,8	3,6	41,3	7
Serv. Reparac. Relacion. coa automoción	273	289,7	75,0	10,0	156,5	10
Outros serv. Relacionados co automóbil	23	42,8	22,0	9,3	51,8	24
<b>Total</b>	<b>993</b>	<b>8.970,9</b>	<b>1.248,4</b>	<b>173,1</b>	<b>3.403,4</b>	<b>36</b>
<b>Peso do grupo no conxunto de empresas galegas (%)</b>	<b>7,8</b>	<b>19,5</b>	<b>13,6</b>	<b>7,2</b>	<b>9,6</b>	

Fonte: Ardán

mos, tralo crecemento do 13,2% en relación á produción de 2001, ascendeu a 239.695 vehículos.

O cluster de automoción, que non inclúe o centro PSA en Vigo, está composto por un total de 55 empresas, que acollen un total de 10.911 traballadores (un 29,9% máis que no ano anterior). A súa facturación, despois dunha medra do 27% respecto ó 2001, ascendeu no ano 2002 a 1.756 millóns de euros.

Como reflicte o **cadro 3.3.24.**, e tendo en conta os criterios de selección seguidos polo Ardán, o subsector da automoción estaba composto por 993 empresas, o que representa o 7,8% do total das empresas consideradas. En conxunto, estas empresas xeraron un VEB a custo de factores de 1.284,4 millóns de euros no ano 2001, o 13,6% do VEB total xerado polas empresas galegas consideradas, sendo o seu emprego medio de 36 traballadores por empresa segundo os datos por elas mesmas facilitados.

Atendendo ós diferentes grupos de actividades que comprende esta industria, reflectidos no devandito **cadro 3.3.24.**, as 33 empresas pertencentes ó grupo de actividades “Fabricación de vehículos de motor, carrocerías, remolques e similares” xeran o 57,6% do VEB total a custo de factores deste subsector (719,6 millóns de euros) e o 61,3% dos ingresos de explotación (5.496,6 millóns de euros).

Por mor da importancia do sector da automoción, Vigo é o principal **núcleo de localiza-**

**ción** das empresas segundo o VEB xerado por elas mesmas, con 849,1 millóns de euros. Este VEB xerado representa o 68,0% do VEB xerado polas empresas englobadas no subsector da industria de automoción.

A **conta de explotación** agregada das empresas deste subsector amosan que no ano 2001 experimentouse un descenso lixeiramente superior ó cen por cen no seu resultado neto do exercicio e no resultado antes de impostos, acadando, en termos absolutos, un resultado negativo de 5,9 e 6,7 millóns de euros, respectivamente. O resultado de actividades ordinarias descendeu un 8,2% acadando os 203,1 millóns de euros, e o resultado de actividades extraordinarias caen dende os 10,8 millóns de euros de 2000 ós -209,8 millóns de 2001 (**cadro 3.3.26.**).

Cómpre matiza-los datos da evolución do resultado antes de impostos, resultado do exercicio e cash flow coa análise dos valores medios e os valores centrais (mediana). Esta non se ve tan influenciada polo impacto que, sobre os resultados dalgunhas empresas importantes do tecido empresarial galego, tivo o rexistrar provisións por depreciación das participacións nas filiais de Arxentina ante a continua devaluación do peso. As medianas das taxas de variación entre os anos 2000 e 2001 foron do -6,2% tanto no caso do resultado antes de impostos como no caso do resultado neto do exercicio.

O VEB experimenta un crecemento do 7,1% no ano 2001, e dado o descenso dos ingresos de explotación nese ano (-3,9%), o seu peso relativo

**CADRO 3.3.25.**
**Complexo da automoción 2000-01: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB**

Núcleos	2000		2001		01/00
	(en millóns de €)		2001		
Vigo	809,7		849,1		4,9
Santiago	53,5		58,9		10,1
A Coruña	47,3		53,1		12,1
Porriño	42,5		46,1		8,4
Lugo	23,6		26,3		11,5
San Cibrao das Viñas	25,7		25,8		0,3
Mos	22,5		24,8		10,5
Pontevedra	12,0		13,1		9,0

Fonte: Ardán

**CADRO 3.3.26.**
**Evolución da actividade no complexo da automoción 2000-01: ingresos, custos e resultados**

	2000		2001		01/00
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	
Ingresos de explotación	9.337,0	100	8.970,9	100	-3,9
Consumo e outros gastos de explotación	8.171,5	87,52	7.722,6	86,08	-5,5
Valor engadido bruto a custo dos factores	1.165,5	12,48	1.248,4	13,92	7,1
Gastos de persoal	714,8	7,66	851,1	9,49	19,1
Resultado económico bruto da explotación	450,7	4,83	397,3	4,43	-11,8
Amortizacións	223,7	2,40	185,9	2,07	-16,9
Resultado económico neto da explotación	226,9	2,43	211,4	2,36	-6,8
Resultado financeiro	-5,7	-0,06	-8,3	-0,09	-44,9
Ingresos financeiros	38,6	0,41	30,2	0,34	-21,7
Gastos financeiros	44,3	0,47	38,5	0,43	-13,1
Resultado de actividades ordinarias	221,2	2,37	203,1	2,26	-8,2
Resultado de actividades extraordinarias	10,8	0,12	-209,8	-2,34	-2041,5
Resultado antes de impostos	232,0	2,48	-6,7	-0,08	-102,9
Impostos	80,0	0,86	-0,8	-0,01	-101,0
Resultado neto do exercicio	152,0	1,63	-5,9	-0,07	-103,9
Cash-flow	365,1	3,91	173,1	1,93	-52,6

Fonte: Ardán

**CADRO 3.3.27.**
**Evolución do investimento e do financiamento no complexo da automoción 2000-01**

	2000		2001		01/00
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	
Activo total	3.388,6	100	3.403,4	100	0,4
Activo fixo (neto)	912,6	26,93	1.231,0	36,17	34,9
Gastos amortizables	6,3	0,19	8,1	0,24	27,1
Inmobiliado inmaterial	41,9	1,24	47,9	1,41	14,4
Inmobiliado material	806,6	23,80	773,9	22,74	-4,1
Outro inmovilizado	56,4	1,67	400,2	11,76	609,0
Outro activo fixo	1,4	0,04	0,9	0,03	-32,5
Circulante neto	2.476,0	73,07	2.172,4	63,83	-12,3
Existencias	682,4	20,14	534,9	15,72	-21,6
Debedores	1.226,6	36,20	1.491,0	43,81	21,6
Tesourería	93,3	2,75	114,4	3,36	22,7
Outro activo circulante	473,8	13,98	32,1	0,94	-93,2
Fontes de financiamento	3.388,6	100	3.403,4	100	0,4
Financiamento permanente	1.426,0	42,08	1.153,9	33,90	-19,1
Fondos propios	1.192,6	35,19	860,8	25,29	-27,8
Recursos alleos l/p	209,7	6,19	263,5	7,74	25,7
Ingresos distribuídos en varios exercicios	23,7	0,70	29,6	0,87	24,8
Acreeedores a curto prazo	1.962,7	57,92	2.249,5	66,10	14,6
Fondo de rotación	513,3	15,15	-77,1	-2,27	-115,0

Fonte: Ardán

CADRO 3.3.28.

Complexo da automoción 2000-01: estudo económico-financieiro

Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	(%)											
2001	6,07	9,04	16,88	26,83	12,01	18,67	2,13	3,19	0,79	1,06	2,22	3,47
2000	4,04	7,94	15,82	26,82	11,32	18,81	2,13	3,04	0,77	1,01	2,22	3,40

Rendibilidade e magnitudes asociadas

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	(%)											
2001	5,75	6,14	2,40	3,44	2,21	1,77	13,12	15,22	2,25	2,48	2,30	2,40
2000	5,70	6,00	2,29	3,34	2,24	1,80	12,92	15,77	2,19	2,30	2,29	2,53

Fonte: Ardán

medra do 12,5% de 2000 ata os 13,9% do ano 2001.

En relación ó estudio do **balance agregado** das empresas deste sector, o **cadro 3.3.27.** amosa que, en termos relativos, o financiamento permanente cubre 93,7% do activo fixo neto, financiándose o 6,3% restante polos acreedores a curto prazo. O fondo de rotación acada os -77,1 millóns de euros, un 115,0% inferior ó existente o ano anterior. No concernte ás fontes de financiamento, o 33,9% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que caen un 27,8% respecto ó ano anterior, supoñen o 25,3% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 25,7%, cun peso relativo do 7,7% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 3.403,4 millóns de euros, catro décimas superior ó valor de 2000, dos que 1.231,0 millóns de euros corresponden ó activo fixo neto (un 34,9% superior respecto ó ano anterior). Os 2.172,4 millóns restantes corresponden ó circulante neto, que descendeu un 12,3% en relación a 2000.

No que ó **estudio económico e financieiro** se refire, o **cadro 3.3.28.** reflicte unha aceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, un aumento respecto ós ingresos do VEB e dos gastos do

persoal, e unha medra da carga financeira. Comparado coa evolución seguida polo conxunto das empresas galegas, o crecemento dos ingresos deste sector económico é case tres puntos porcentuais inferior, cando no ano 2000 era 3,9 puntos superior.

No ano 2000 medran tanto a rendibilidade económica como a financeira antes de impostos. A primeira por mor da evolución da marxe, e a segunda, influenciada pola evolución da rendibilidade económica, xa que o custo neto da débeda rexistra unha lixeira medra.

• *Naval*

Trala creación do cluster do naval no ano 1999, este esta formado no ano 2002 por un total de 212 empresas, que presentan unha facturación duns 670,9 millóns de euros e que acollen en torno a 7.000 traballadores.

O **cadro 3.3.29.** reflicte a **situación** da construción naval en Galicia ó longo dos anos 2001 e 2002, e nel pódese observar un descenso no número de contratos novos (14 contratos fronte ós 20 do ano anterior), aínda que o arqueo experimenta unha medra do 78,2%, pasando das 51.712 a 92.135 toneladas brutas de 2002. A diferenza do ano anterior, en 2002 realizáronse un

**CADRO 3.3.29.**
**Construcción naval 2001-02**

	Novos contratos				Carteira de pedimentos			
	Exportación		Total		Exportación		Total	
	Nº	arqueo (1)	Nº	arqueo	Nº	arqueo	Nº	arqueo
2001	-	-	20	51.712	24	153.600	94	392.871
2002	5	49.297	14	92.135	19	176.863	97	448.566
	(%)							
02/01			-30,0	78,2	-20,8	15,1	3,2	14,2

(1) en Gross Tonnage, equivalente a 1016,041kg  
 Fonte: IGE

**CADRO 3.3.30.**
**Sector naval 2001: actividades que comprende o grupo**

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
	(en millóns de €)					
Construcción e reparación de buques	128	639,3	172,5	25,7	622,0	42
Construcción, reparación e venda de embarcacións menores	8	19,2	3,6	0,6	8,0	27
Distribución minorista de embarcacións	8	18,7	2,9	0,5	16,0	17
<b>Total</b>	<b>144</b>	<b>677,2</b>	<b>179,0</b>	<b>26,8</b>	<b>646,0</b>	<b>40</b>
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas (%)	1,1	1,5	1,9	1,1	1,8	

Fonte: Ardán

total de cinco contratos para a exportación, sendo o seu arqueo de 49.297 toneladas brutas.

No caso da carteira de pedimentos, o número total de contratos ascendeu a 97, tres máis que en 2001, dos que 19 contratos corresponden a pedimentos para a exportación. O arqueo total foi de 448.566 toneladas brutas, un 14,2% superior á 2001, dos que 176.863 toneladas corresponden a contratos para o exterior (153.600 toneladas brutas en 2001).

Como reflicte o **cadro 3.3.30.**, segundo o criterio de selección de empresas seguido polo servizo de estudos Ardán o subsector do naval estaba composto por 144 empresas, o 1,1% das empresas consideradas, que xeraban o 1,9% do VEB total das empresas galegas (179,0 millóns de euros), e tiñan uns ingresos de explotación de 677,2 millóns (o 1,5% dos ingresos totais das empresas galegas analizadas). O emprego medio nas empresas encadradas neste subsector foi de 40 traballadores.

O subsector estaba composto por tres grandes grupos de actividade: o da construción e reparación de buques, con 128 empresas, e que acolle o 94,4% dos ingresos de explotación e o

96,4% do VEB xerado pola industria naval, o grupo de actividades da construción, reparación e venda de embarcacións menores, e o da distribución polo miúdo de embarcacións, con 8 empresas cada un deles.

Vigo é o principal **núcleo de localización** das empresas segundo o VEB xerado por elas mesmas, con 128,9 millóns de euros. Séguenlle en importancia Moaña, con 8,3 millóns e Ferrol, con 7,0 millóns de euros. No ano 2001, o VEB xerado en Vigo representa o 72,0% do VEB xerado polas empresas englobadas no subsector da industria naval, fronte ó 70,1% do ano anterior (**cadro 3.3.31.**).

A **conta de explotación** agregada das empresas deste subsector amosa que fronte á evolución dos ingresos de explotación, que permanecen practicamente constantes, o valor engadido bruto a custo de factores destas 144 empresas rexistrou unha medra do 13,9%. Asemade, cómpre salientalo incremento do 192,9% experimentado polo resultado de actividades ordinarias, e do 86,1% do resultado neto do exercicio.

En relación ó estudio do **balance agregado** das empresas deste sector, o **cadro 3.3.33.** amosa,

CADRO 3.3.31.

**Sector naval 2000-01: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB**

Núcleos	2000		2001		01/00
	(en millóns de €)		(en millóns de €)		
					(%)
Vigo	110,2		128,9		17,0
Moaña	7,1		8,3		17,8
Ferrol	7,9		7,0		-10,9
Marín	6,5		6,7		3,7
A Coruña	5,4		5,8		9,1
Narón	2,2		3,1		36,3
Redondela	2,5		2,3		-10,8
Paderne	1,1		2,2		101,1

Fonte: Ardán

CADRO 3.3.32.

**Evolución da actividade no sector naval 2000-01: ingresos, custos e resultados**

	2000		2001		01/00
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	
Ingresos de explotación	677,6	100	677,2	100	-0,1
Consumo e outros gastos de explotación	520,5	76,81	498,2	73,57	-4,3
Valor engadido bruto a custo dos factores	157,2	23,19	179,0	26,43	13,9
Gastos de persoal	125,1	18,47	135,8	20,05	8,5
Resultado económico bruto da explotación	32,0	4,72	43,3	6,39	35,1
Amortizacións	17,5	2,58	14,7	2,16	-16,1
Resultado económico neto da explotación	14,5	2,15	28,6	4,22	96,7
Resultado financeiro	-8,7	-1,3	-11,4	-1,7	-31,4
Ingresos financeiros	2,1	0,31	2,4	0,36	13,2
Gastos financeiros	10,8	1,59	13,8	2,04	27,8
Resultado de actividades ordinarias	5,9	0,87	17,2	2,54	192,9
Resultado de actividades extraordinarias	6,2	0,91	0,7	0,10	-88,8
Resultado antes de impostos	12,1	1,78	17,9	2,64	48,5
Impostos	4,9	0,73	4,6	0,68	-6,0
Resultado neto do exercicio	7,1	1,05	13,3	1,96	86,1
Cash-flow	18,7	2,76	26,8	3,96	43,6

Fonte: Ardán

CADRO 3.3.33.

**Evolución do investimento e do financiamento no sector naval 2000-01**

	2000		2001		01/00
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	
Activo total	584,3	100	646,0	100	10,6
Activo fixo (neto)	170,4	29,16	177,6	27,49	4,2
Gastos amortizables	6,8	1,16	4,3	0,67	-36,6
Inmobiliado inmaterial	16,3	2,79	18,6	2,87	13,9
Inmobiliado material	105,8	18,12	110,9	17,17	4,8
Outro inmobiliado	40,0	6,84	42,7	6,61	6,8
Outro activo fixo	1,5	0,25	1,1	0,17	-24,2
Circulante neto	413,9	70,84	468,5	72,51	13,2
Existencias	140,0	23,96	176,0	27,24	25,7
Debedores	215,6	36,89	232,0	35,92	7,6
Tesourería	29,2	4,99	30,4	4,71	4,3
Outro activo circulante	29,2	4,99	30,0	4,65	2,9
Fontes de financiamento	584,3	100,00	646,0	100,00	10,6
Financiamento permanente	160,7	27,50	207,5	32,12	29,1
Fondos propios	104,0	17,79	119,3	18,46	14,7
Recursos alleos l/p	46,3	7,93	64,4	9,97	39,0
Ingresos distribuídos en varios exercicios	10,4	1,78	23,8	3,69	129,1
Acreedores a curto prazo	423,6	72,50	438,5	67,88	3,5
Fondo de rotación	-9,7	-1,66	29,9	4,63	409,1

Fonte: Ardán

**Sector naval 2000-01: estudio económico-financiero**
**Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación**

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	(%)											
<b>2001</b>	7,38	9,04	44,25	26,83	35,78	18,67	4,73	3,19	1,19	1,06	4,27	3,47
<b>2000</b>	7,37	7,94	43,81	26,82	34,31	18,81	4,92	3,04	1,01	1,01	3,97	3,40

**Rendibilidade e magnitudes asociadas**

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	(%)											
<b>2001</b>	7,99	6,14	4,81	3,44	1,59	1,77	18,93	15,22	2,33	2,48	2,09	2,40
<b>2000</b>	8,53	6,00	4,83	3,34	1,75	1,80	21,01	15,77	2,25	2,30	2,29	2,53

Fonte: Ardán

a diferenza do acontecido en 2000, a existencia dun fondo de rotación positivo (29,9 millóns de euros), polo que o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 6,4% do circulante neto, cubríndose o restante 83,6% cos acreedores a curto prazo. O financiamento permanente, que rexistrou unha medra do 29,1% respecto ó ano anterior, representan o 32,1% das fontes de financiamento. Os fondos propios, que crecen un 14,7% respecto ó ano anterior, supoñen o 18,5% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 39,0%, cun peso relativo do 10,0% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 646,0 millóns de euros, un 10,6% superior ó valor de 2000, dos que 177,6 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 4,2% superior respecto ó ano anterior). Os 468,5 millóns de euros restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 13,2% en relación a 2000.

No que ó **estudio económico e financeiro** se refire, o **cadro 3.3.34.** reflicte que ó longo de 2001 se mantén o ritmo de crecemento dos ingresos, así como un aumento respecto ós ingresos do VEB e dos gastos de persoal, e unha medra da carga financeira. Comparado coa evolución seguida polo conxunto das empresas galegas, o

devandito cadro reflicte uns resultados do VEB e gastos de persoal sobre ingresos moi superiores.

As rendibilidades económica e financeira antes de impostos descenden en 2000. A primeira por mor da evolución da rotación de activos, e a segunda, influenciada pola caída da rendibilidade económica e polo lixeiro incremento do custo neto da débeda. Tal e como reflicte o devandito **cadro 3.3.34.** tanto a rendibilidade económica como a financeira son superiores ás rexistradas polo total das 12.784 empresas galegas analizadas por Ardán.

### Bens de consumo

Como reflicte o **cadro 3.3.35.**, segundo o criterio de selección de empresas seguido por Ardán o subsector do industria de bens de consumo estaba composto por 805 empresas, o 6,3% das empresas consideradas, que xeraban o 12,7% do VEB total das empresas galegas (1.164,6 millóns de euros), e tiñan uns ingresos de explotación de 5.978,8 millóns de euros (o 13,0% dos ingresos totais das empresas galegas analizadas). O emprego medio destas empresas, segundo os seus propios datos, foi de 49 traballadores.

Este subsector está composto por dous grandes grupos de actividade: o do téxtil-confeción,

CADRO 3.3.35.

Sector de bens de consumo 2001: actividades que comprende o grupo

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
(en millóns de €)						
Téxtil-confección	575	4.972,6	1.026,0	506,7	3.283,1	54
Distribución de artigos de consumo	230	1.006,2	138,7	25,0	380,2	35
<b>Total</b>	<b>805</b>	<b>5.978,8</b>	<b>1.164,6</b>	<b>531,7</b>	<b>3.663,3</b>	<b>49</b>
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas (%)	6,3	13,0	12,7	22,2	10,3	

Fonte: Ardán

que engloba en 2001 un total de 575 empresas, que acollen o 83,2% dos ingresos de explotación e o 88,1% do VEB xerado polas empresas industriais de bens de consumo, e o grupo de actividades de distribución de artigos de consumo, que está formado por 230 empresas.

Arteixo, por mor do papel das industrias relacionadas co subsector téxtil, é o principal **núcleo de localización** das empresas segundo o VEB xerado polas mesmas, con 744,5 millóns de euros, o 63,9% do VEB total xerado polas empresas industriais de bens de consumo. Séguelle en importancia os municipios de Vigo e A Coruña, con 54,4 e 48,6 millóns de euros, respectivamente.

A **conta de explotación** agregada das empresas deste subsector amosan que no ano 2000 experimentouse un crecemento do 24,9% do seu resultado de actividades ordinarias, sendo esta taxa de crecemento en torno ó 12% no caso do resultado antes de impostos e do resultado neto do exercicio. O resultado de actividades extraordinarias rexistrou unha caída de 256,0% para acadalos -84,1 millóns de euros.

O valor engadido bruto a custo de factores medrou no ano 2001 un 20,2% en relación ó ano 2000, máis de cinco puntos porcentuais por riba do que o fan os ingresos de explotación, polo que a súa importancia relativa acadou o 19,48% fronte ós 18,63% do ano anterior.

En relación ó estudio do **balance agregado** das empresas deste sector, o **cadro 3.3.38**. amosa que, en termos relativos, o fondo de rotación, a diferenza do acontecido en 2000, cubre a totalidade do activo fixo neto e un 2,0% do circulante

neto, financiándose o restante 98,0% polos acredores a curto prazo. O fondo de rotación foi de 36,6 millóns de euros, un 227,2% superior ó existente o ano anterior. No concernente ás fontes de financiamento, o 50,3% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que crecen un 15,7% respecto ó ano anterior, supoñen o 42,7% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo, que se reducen nun 9,4%, teñen un peso relativo do 7,2% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 3.663,3 millóns de euros, un 12,8% superior ó valor de 2000, dos que 1.807,6 millóns de euros corresponden ó activo fixo neto (un 7,2% superior respecto ó ano anterior). Os 1.855,7 millóns restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 18,8% en relación a 2000.

No que ó **estudio económico e financeiro** se refire, o **cadro 3.3.39**. reflicte unha desaceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, un aumento respecto ós ingresos do VEB e dos gastos de persoal, permanecendo practicamente constante a carga financeira (1,06% en 2001 fronte ós 1,07% do ano 2000).

O devandito cadro amosa unha caída das rendibilidades económica e financeira antes de impostos, influenciadas pola evolución da marxe de actividade e da rotación de activos no primeiro caso, e pola caída da rendibilidade económica e pola evolución do custo neto da débeda no segundo caso. Tal e como reflicte o devandito **cadro 3.3.39**., as rendibilidades económica e financeira son inferiores ás rexistradas polo total das 12.784 empresas galegas analizadas por Ardán.



**CADRO 3.3.36.**
**Sector de bens de consumo 2000-01: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB**

Núcleos	2000	2001	01/00
	(en millóns de €)		(%)
Arteixo	586,0	744,5	27,1
Vigo	49,1	54,4	10,8
A Coruña	45,6	48,6	6,6
Betanzos	40,8	41,7	2,3
San Cibrao das Viñas	33,6	37,5	11,5
Poio	25,4	33,0	29,6
Pontevedra	16,9	19,0	12,4
Pereiro de Aguiar	14,1	18,5	30,8

Fonte: Ardán

**CADRO 3.3.37.**
**Evolución da actividade no sector de bens de consumo 2000-01: ingresos, custos e resultados**

	2000		2001		01/00
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)
Ingresos de explotación	5.200,7	100	5.978,8	100	15,0
Consumo e outros gastos de explotación	4.231,9	81,37	4.814,2	80,52	13,8
Valor engadido bruto a custo dos factores	968,8	18,63	1.164,6	19,48	20,2
Gastos de persoal	543,0	10,44	620,7	10,38	14,3
Resultado económico bruto da explotación	425,8	8,19	543,9	9,10	27,7
Amortizacións	123,4	2,37	144,2	2,41	16,9
Resultado económico neto da explotación	302,4	5,81	399,7	6,69	32,2
Resultado financeiro	143,8	2,77	157,5	2,63	9,5
Ingresos financeiros	209,3	4,02	216,7	3,62	3,6
Gastos financeiros	65,5	1,26	59,2	0,99	-9,5
Resultado de actividades ordinarias	446,2	8,58	557,2	9,32	24,9
Resultado de actividades extraordinarias	-23,6	-0,45	-84,1	-1,41	-256,0
Resultado antes de impostos	422,6	8,13	473,1	7,91	12,0
Impostos	68,7	1,32	77,5	1,30	12,9
Resultado neto do exercicio	353,9	6,81	395,6	6,62	11,8
Cash-flow	469,1	9,02	531,7	8,89	13,3

Fonte: Ardán

**CADRO 3.3.38.**
**Evolución do investimento e do financiamento no sector de bens de consumo 2000-01**

	2000		2001		01/00
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)
Activo total	3.248,6	100	3.663,3	100	12,8
Activo fixo (neto)	1.686,7	51,92	1.807,6	49,34	7,2
Gastos amortizables	26,3	0,81	21,2	0,58	-19,6
Inmovilizado inmaterial	188,8	5,81	190,3	5,19	0,8
Inmovilizado material	918,1	28,26	1.038,2	28,34	13,1
Outro inmovilizado	552,9	17,02	557,2	15,21	0,8
Outro activo fixo	0,5	0,02	0,7	0,02	36,3
Circulante neto	1.561,9	48,08	1.855,7	50,66	18,8
Existencias	501,3	15,43	614,5	16,77	22,6
Debedores	655,1	20,17	722,8	19,73	10,3
Tesourería	110,4	3,40	128,0	3,49	15,9
Outro activo circulante	295,0	9,08	390,5	10,66	32,4
Fontes de financiamento	3.248,6	100	3.663,3	100	12,8
Financiamento permanente	1.657,9	51,04	1.844,2	50,34	11,2
Fondos propios	1.351,1	41,59	1.563,4	42,68	15,7
Recursos alleos l/p	290,7	8,95	263,2	7,19	-9,4
Ingresos distribuídos en varios exercicios	16,2	0,50	17,5	0,48	8,1
Acreedores a curto prazo	1.590,6	48,96	1.819,2	49,66	14,4
Fondo de rotación	-28,7	-0,89	36,6	1,00	227,2

Fonte: Ardán

CADRO 3.3.39.

Sector de bens de consumo 2000-01: estudo económico-financieiro

Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	(%)											
2001	5,85	9,04	22,33	26,83	17,09	18,67	2,93	3,19	1,06	1,06	2,94	3,47
2000	8,53	7,94	22,04	26,82	16,55	18,81	3,06	3,04	1,07	1,01	3,10	3,40

Rendibilidade e magnitudes asociadas

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	(%)											
2001	5,45	6,14	3,18	3,44	1,76	1,77	13,39	15,22	2,40	2,48	2,35	2,40
2000	6,11	6,00	3,30	3,34	1,82	1,80	15,51	15,77	2,37	2,30	2,49	2,53

Fonte: Ardán

CADRO 3.3.40.

Complexo téxtil e da confección 2001: actividades que comprende o grupo

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
	(en millóns de €)					
Tecido e confección de prendas de vestir en téxtil	191	1.063,6	248,5	62,2	595,6	46
Fabricación de artigos e tecidos de puntos	28	74,4	29,8	7,2	64,1	51
Confección de prendas de coiro e peletería	10	27,1	6,0	0,7	22,1	41
Fabricación de complementos e accesorios	9	10,9	3,9	0,9	17,4	19
Fabricación doutros produtos textís	25	148,3	29,3	9,9	77,7	39
Distr. maiorista de téxtiles e prendas de vestir	95	1.740,4	173,4	220,1	1.556,4	24
Distr. Mai. De xoiería e relojería	16	15,0	1,8	-2,1	13,7	7
Distr. minorista de téxtiles e prendas de vestir	162	1.833,8	513,4	202,8	888,4	97
Distribución minorista de xoias	24	37,1	8,7	1,9	29,5	16
Servicios de lavandería	15	22,1	11,1	3,2	18,1	35
<b>Total</b>	<b>575</b>	<b>4.972,6</b>	<b>1.026,0</b>	<b>506,7</b>	<b>3.283,1</b>	<b>54</b>
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas (%)	4,5	10,8	11,2	21,1	9,2	

Fonte: Ardán

CADRO 3.3.41.

Complexo téxtil e da confección 2000-01: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB

Núcleos	2000	2001	01/00
	(en millóns de €)		(%)
Arteixo	584,7	743,4	27,1
A Coruña	41,2	44,5	8,1
San Cibrao das Viñas	33,3	37,3	11,9
Vigo	25,3	28,3	11,7
Pereiro de Aguiar	14,1	18,5	30,8
Lalín	13,9	15,3	10,1
Ordes	11,7	13,0	10,9
Ferrol	10,4	10,8	4,0

Fonte: Ardán

	2000		2001		01/00
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)
Ingresos de explotación	4280,1	100	4972,6	100	16,2
Consumo e outros gastos de explotación	3436,3	80,29	3946,7	79,37	14,9
Valor engadido bruto a custo dos factores	843,8	19,71	1026,0	20,63	21,6
Gastos de persoal	445,3	10,40	512,1	10,30	15,0
Resultado económico bruto da explotación	398,5	9,31	513,8	10,33	28,9
Amortizacións	107,8	2,52	124,1	2,50	15,2
Resultado económico neto da explotación	290,8	6,79	389,7	7,84	34,0
Resultado financeiro	147,9	3,45	162,8	3,27	10,1
Ingresos financeiros	207,0	4,84	214,8	4,32	3,7
Gastos financeiros	59,2	1,38	52,0	1,04	-12,2
Resultado de actividades ordinarias	438,6	10,25	552,5	11,11	26,0
Resultado de actividades extraordinarias	-24,4	-0,57	-86,8	-1,75	-255,5
Resultado antes de impostos	414,2	9,68	465,7	9,36	12,4
Impostos	66,1	1,54	75,4	1,52	14,1
Resultado neto do exercicio	348,1	8,13	390,3	7,85	12,1
Cash-flow	448,1	10,47	506,7	10,19	13,1

Fonte: Ardán

### • *Téxtil-confección*

O grupo de actividades do téxtil-confección comprende, entre outras, as actividades relacionadas co tecido e confección de prendas de vestir en téxtiles; a fabricación de artigos e tecidos de punto; a confección de prendas de coiro e peletería; fabricación de complementos e accesorios; distribución por xunto e polo miúdo de téxtiles e prendas de vestir; distribución por xunto e polo miúdo de xoiería e relojería; e servicios de lavandería. Atendendo ós criterios de selección de empresas de Ardán, este grupo de actividades está formado por 575 empresas (o 4,5% das empresas consideradas) que manteñen un emprego medio de 54 traballadores por empresa. Estas xeran o 10,8% dos ingresos de explotación e o 11,2% do VEB do total das empresas galegas consideradas polo Ardán.

Dentro das actividades do grupo salientan as 162 empresas relacionadas coa distribución minorista de téxtiles e prendas de vestir, que son as que presenta o maior VEB con 513,4 millóns de euros (o 50,0% do total xerado polo subsector téxtil) e os maiores ingresos de explotación, con 1.833,8 millóns de euros (o 36,9%). As 191 empresas relacionadas coas actividades de tecido e confección de prendas de vestir en téxtil, xeraron un VEB de 248,5 millóns de euros, o 24,2% do VEB total deste subsector (**cadro 3.3.41.**)

A provincia de A Coruña é a provincia que

xera un maior valor engadido, salientando a área de Arteixo (por mor de Inditex), que con 743,4 millóns de euros (un 27,1% máis que en 2000), aporta o 72,5% do VEB xerado por esta actividade en Galicia no ano 2001. Séguelle en importancia A Coruña, que, con 44,5 millóns, aporta o 4,3% do total xerado polas empresas pertencentes a este subsector (**cadro 3.3.41.**)

A **conta de explotación** agregada das empresas deste subsector amosan que o ano 2001 foi un bo ano para estas 575 empresas consideradas no seu conxunto, ó experimentar unha medrada do 26% no seu resultado de actividades ordinarias, que acadan os 552,5 millóns de euros. O resultado antes de impostos e o resultado neto do exercicio (experimentan un crecemento superior ó 12%, acadando, en termos absolutos, os 465,7 e os 390,3 millóns de euros, respectivamente. Asemade, cómpre salientalo forte descenso do resultado de actividades extraordinarias, que cae un 255,5% respecto ó ano 2000.

O valor engadido bruto a custo de factores medrou en 2001 máis de cinco puntos porcentuais por riba do que o fan os ingresos de explotación (21,6% e 16,2%, respectivamente) polo que a súa importancia relativa pasa do 19,7% de 2000 ata o 20,6% do ano 2001.

En relación ó estudio do **balance agregado** das empresas deste sector, o **cadro 3.3.43.** amosa que, en termos relativos, o financiamento perma-

CADRO 3.3.43.

*Evolución do investimento e do financiamento no complexo téxtil e da confección 2000-01*

	2000		2001		01/00
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)
<b>Activo total</b>	2.881,4	100	3.283,1	100	13,9
<b>Activo fixo (neto)</b>	1.493,9	51,85	1.603,6	48,84	7,3
Gastos amortizables	22,0	0,76	15,8	0,48	-28,0
Inmovilizado inmaterial	172,6	5,99	173,7	5,29	0,6
Inmovilizado material	780,1	27,07	891,2	27,14	14,2
Outro inmovilizado	518,9	18,01	522,5	15,91	0,7
Outro activo fixo	0,3	0,01	0,4	0,01	19,1
<b>Circulante neto</b>	1.387,4	48,15	1.679,5	51,16	21,1
Existencias	420,2	14,58	532,6	16,22	26,7
Debedores	589,5	20,46	652,9	19,89	10,8
Tesourería	90,5	3,14	110,4	3,36	21,9
Outro activo circulante	287,2	9,97	383,7	11,69	33,6
<b>Fontes de financiamento</b>	2.881,4	100	3.283,1	100	13,9
<b>Financiamento permanente</b>	1.506,6	52,29	1.690,5	51,49	12,2
Fondos propios	1.259,8	43,72	1.468,1	44,72	16,5
Recursos alleos l/p	233,1	8,09	207,2	6,31	-11,1
Ingresos distribuídos en varios exercicios	13,7	0,48	15,2	0,46	10,3
<b>Acreedores a curto prazo</b>	1.374,8	47,71	1.592,6	48,51	15,8
<b>Fondo de rotación</b>	12,6	0,44	86,9	2,65	587,6

Fonte: *Ardán*

CADRO 3.3.44.

*Complexo téxtil e da confección 2000-01: estudio económico-financiero*

*Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación*

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	(%)											
<b>2001</b>	5,85	9,04	25,18	26,83	19,43	18,67	3,46	3,19	1,16	1,06	3,35	3,47
<b>2000</b>	8,39	7,94	24,68	26,82	18,77	18,81	3,70	3,04	1,16	1,01	3,75	3,40

*Rendibilidade e magnitudes asociadas*

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebemento	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	(%)				(%)							
<b>2001</b>	5,78	6,14	3,71	3,44	1,70	1,77	13,98	15,22	2,41	2,48	2,20	2,40
<b>2000</b>	6,58	6,00	3,94	3,34	1,74	1,80	16,86	15,77	2,46	2,30	2,31	2,53

Fonte: *Ardán*

nente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 5,2% do circulante neto. O fondo de rotación foi de 86,9 millóns de euros, un 587,6% superior ó existente o ano anterior. No concerne ás fontes de financiamento, o 51,5% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que crecen un 16,5% respecto ó ano anterior, supoñen o 44,7% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo caeron un 11,1%, cun peso relativo do 6,3% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 3.283,1 millóns de euros, un 13,9% superior ó valor de 2000, dos que 1.603,6 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 7,3% superior respecto ó ano anterior). Os 1.679,5 millóns de euros restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 21,1% en relación a 2000.

No que ó **estudio económico e financeiro** se refire, o **cadro 3.3.44** reflicte unha desaceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, unha medra, respecto ós ingresos do VEB, e do peso relativo dos gastos de persoal, así como o mantemento da carga financeira.

No ano 2001 as rendibilidades económica e financeira antes de impostos descenden respecto ó ano anterior para situarse no 5,78% e 13,98%, respectivamente. A primeira influenciada pola evolución da marxe de actividade e da rotación de activos, en tanto que a segunda o fai influenciada pola caída da rendibilidade económica. O custo neto da débeda foi de 2,41% fronte ó 2,46% de 2000. ■

